

PROXECTO LECTOR DE CENTRO



IES AS TELLEIRAS

CURSO 2019 – 2020

Data de revisión: 25 de setembro de 2019

Índice:

O CENTRO E A SÚA CONTORNA	3
BASES LEGAIS DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO	4
BASES “REAIS” PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO LECTOR.....	5
1. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.....	6
1.1. Situación e dependencias da biblioteca	6
1.2. Mobiliario.....	7
1.3. Fondos bibliográficos	7
1.4. Horarios.....	8
1.5. Profesorado responsable da biblioteca	8
1.6. Sistemática de préstamo	8
2. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NESTE ÁMBITO	8
3. OBXECTIVOS.....	9
4. COMPROMISOS XERAIS	10
5. METODOLOXÍA.....	10
5.1. Para desenvolver a competencia lectora e de escritura.....	10
5.2. Para desenvolver o hábito de lectura	11
5.3. Para desenvolver a competencia informacional.....	11
6. A BIBLIOTECA E O PROXECTO ESCOLAR	11
7. ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA	12
7.1. Bibliotecas de aula	12
7.2. Hora de ler.....	14
7.3. Clubs de lectura	16
7.4. Actividades de formación de usuarios e formación documental.....	16
7.5. Préstamos a pais e nais	16
7.6. Concursos literarios.....	17
7.7. Visitas a outras bibliotecas	17
7.8. Conmemoración de datas especiais	17
7.9. A ciencia sae das aulas	18
8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	19

O CENTRO E A SÚA CONTORNA

O IES As Telleiras é un centro de ensino de carácter público. Foi creado no ano 1985 coa construción dun primeiro edificio, e ampliouse con outros dous novos no ano 1988, un para aulas e outro para utilizar como salón de actos. Foi no ano 1998 cando adquiriu a designación de IES AS TELLEIRAS, sendo ata entón o I.B. de Narón.

- Somos un centro de ensino que está dedicado especialmente á ESO, BACHARELATO e a Educación para as persoas adultas formando ao alumnado para que poida cursar con éxito calquera ciclo de grado medio ou superior ou mesmo realizar a carreira universitaria que desexe. Ten como centros adscritos o CEIP A Solaina e o CEIP Virxe do Mar aínda que temos unha importante matrícula de alumnado procedente doutros centros como o CEIP Piñeiros, CEIP Ponte de Xubia por nomear os pertencentes ao municipio de Narón. Entre as nosas instalacións pódense citar un pavillón polideportivo, un auditorio para máis de 400 persoas, catro aulas de informática completamente equipadas, dúas aulas de audiovisuais, catro laboratorios, aulas con encerados dixitais, todas as aulas con ordenador e acceso a internet e bibliotecas de aula en todas as aulas de ESO.

Na actualidade o IES As Telleiras forma parte da Rede de Centros Educativos Galegos para a Calidade, no curso 2004-2005 recibimos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia un premio ás actuacións de calidade na educación por algo que tanto preocupa hoxe como é o sistema de control e prevención de conflitos empregado. No curso 2005-2006 o Consello Escolar de Galicia elixiu o modelo de convivencia desenvolvido no IES As Telleiras para presentar nas Xornadas sobre convivencia nas aulas que se celebraron en Santiago de Compostela os días 5 e 6 de maio de 2006 e sentímonos especialmente orgullosos/as de ser elixidos, tamén no curso 2005-2006, e a nivel de España, como unha experiencia a presentar no congreso que o “Consello Escolar do Estado” celebrou en Murcia os días 23-26 de maio de 2006. Dende o curso 2006-2007 o IES As Telleiras é un dos centros de ensino galegos que conta cun certificado de calidade ISO 9001.

O IES As Telleiras recibiu un premio “Plan Valora 2007-2009” no Ámbito de convivencia, cidadanía e cultura de paz, premio que tamén recibimos no curso 2006-2007. Seguimos participando no proxecto de mellora da calidade educativa, financiado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e formamos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



parte desde o primeiro ano do colectivo dos centros da comunidade autonómica que ten o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).

Para finalizar queredamos comentar a preocupación que no IES As Telleiras tense pola formación en linguas estranxeiras polo que, como complemento do estudo das mesmas, ofertamos Seccións Bilingües nos diferentes niveis educativos tanto en lingua inglesa como en francesa.

A matrícula do centro oscila en torno aos 550 e 600 alumnos/as, dependendo do ano, que se agrupa en ensino diúrno e adultos (bacharelato semipresencial, ESA e FPB de carpintería e moble). Máis do 90% do alumnado cursa estudos na modalidade de diúrno, distribuído normalmente en 12 unidades de ESO e 6 de BAC, aínda que, cando é posible, realízanse desdobres, especialmente nos primeiros niveis da ESO. O alumnado pertence na súa maior parte ao municipio de Narón, na etapa da ESO, aínda que tamén temos alumnado dos municipios veciños en maior número no ensino postobligatorio. A práctica totalidade do alumnado viaxa en transporte escolar (na etapa obrigatoria subvencionado, en parte, pola Consellería de Educación).

Con respecto ao persoal que presta os seus servizos no centro: o claustro está formado por profesorado, na súa maioría, con destino definitivo (máis do 75%) e que procede da comarca de Ferrolterra. O Persoal de Administración e Servizos está constituído por 2 auxiliares administrativos, 3 conserxes, 5 persoas de limpeza e 1 coidadora. De novo, a maioría deste persoal ten o destino definitivo no centro e son procedentes da comarca.

BASES LEGAIS DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

A comprensión lectora está considerada como unha competencia clave, unha ferramenta indispensable para a adquisición de novas aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal do alumnado.

Segundo o artigo 38 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: *Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un*

programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

No [Anexo XI do DOGA do 2 de xuño de 2017](#) danse as orientacións necesarias para a organización e funcionamento das Bibliotecas Escolares, que son concretadas nas [Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos](#) do curso en vigor.

Con este fin de fomentar a lectura e de garantir o bo funcionamento da nosa biblioteca escolar, elabórase este proxecto lector, documento incorporado ao Proxecto Educativo de Centro no que plasmaremos tanto os obxectivos como as medidas que seguiremos para alcanzar ditos obxectivos.

O proxecto está impulsado polo Equipo Directivo, coordinado pola CCP, apoiado pola Biblioteca e elaborado e levado a cabo por todo o profesorado, contando coa participación de toda a comunidade educativa e aprobado polo Claustro e polo Consello escolar.

BASES “REAIS” PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO LECTOR

Partimos dunha realidade na que o profesorado está constatando , en xeral, unha serie de patróns que se repiten. Estes son:

- Falta de motivación do alumnado ante a lectura.
- Dificultades na lectura en voz alta e na velocidade lectora.
- Os problemas de atención e a falta de comprensión no que len.
- Problemas relativos á expresión escrita que provocan dificultades no progreso da aprendizaxe.
- Necesidade da alfabetización informacional do alumnado do centro.

Ante esta situación xeneralizada no ensino secundario, o Proxecto lector promoverá actividades de animación lectora, de escritura, de formación de usuarios e alfabetización entre outras.

Asemade, a motivación dende a familia é indispensable polo que se intentará involucrar ás familias neste proxecto.

Estableceremos, a través da colaboración e do consenso, uns criterios comúns a toda a comunidade educativa que concretarán os departamentos e todas as partes interesadas na consecución dos obxectivos.

1. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

1.1. Situación e dependencias da biblioteca

O centro conta cunha biblioteca duns 200 m² situada no primeiro andar, cerca da entrada e con acceso ao vestíbulo. Contamos con luz natural en todas as dependencias da biblioteca. Podemos afirmar que é o espazo máis acoledor do noso centro e un dos máis apreciados.



Hai uns anos ampliouse a biblioteca con novos espazos, de xeito que na actualidade dispoñemos de catro ambientes diferenciados: unha sala de acceso que podería ser usada como sala de xogos como xadrez, damas,...; outra, de préstamos e devolucións co equipamento informático necesario para desenvolver esta tarefas; unha sala dedicada exclusivamente á lectura; por último, hai un espazo onde o alumnado pode estudar, debater, realizar traballos en grupo,... que conta con seis postos informáticos ao servizo dos usuarios, e dispón tamén dun proxector e dunha pantalla polo que pode ser utilizada como sala de audiovisuais.

1.2. Mobiliario

No curso 2017-18, no que se actualiza este Plan Lector, cambiouse parte do mobiliario da sala de préstamos a cargo do orzamento do PLAMBE. Pese a esta renovación e as que se fixeron estes últimos anos, aínda quedan melloras que afrontar (por exemplo, na sala de acceso).

1.3. Fondos bibliográficos

Os fondos están dispostos seguindo o criterio da CDU por orde alfabética en andeis abertos para os libros e en andeis pechados para os materiais audiovisuais.

Na actualidade superamos os 15.000 rexistros bibliográficos. Tamén recibimos subscricións de publicacións periódicas como revistas sobre diferentes temáticas que poden consultarse na sala de lectura.



A xestión e o préstamo realízase a través do programa informático Meiga. Os fondos poden consultarse no centro na seguinte dirección:
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED053>

A renovación dos fondos foise producindo grazas ás aportacións da Consellería de Educación, polas Deputacións, polas compras dos Departamentos do centro da ANPA e especialmente, a través do programa de Mellora de Bibliotecas Escolares, do que formamos parte desde a I Convocatoria.

1.4. Horarios

Actualmente, existe un horario de biblioteca atendida polos membros do equipo da biblioteca; un grupo de profesores de distintas disciplinas, con variada formación, que se encarga de dinamizar as actividades relacionadas coa lectura. Como mínimo, a biblioteca está aberta nos dez recreos semanais; o resto das horas dependerá do número de profesores/as que formen o grupo da biblioteca e da súa dispoñibilidade horaria. O préstamo levase a cabo só durante os tempos de lecer.

1.5. Profesorado responsable da biblioteca

Hai un/ha coordinador/a da biblioteca e o profesorado de apoio depende da dispoñibilidade horaria do persoal docente do centro, polo que non se pode precisar o número de persoas nin as horas que lle poden dedicar.

1.6. Sistemática de préstamo

Na biblioteca do centro dispónse dun [tríptico informativo sobre as normas de funcionamento da biblioteca escolar](#) onde se explican tamén as pautas para realizar os préstamos, que, en xeral, son as seguintes:

- duración do préstamo de libros: quince días renovables por sete días sempre que o libro non estea solicitado por outro/a alumno/a.
- préstamo de DVDs: préstanse só desde o último tempo de lecer do venres ao 1º do luns.

2. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NESTE ÁMBITO

Pensamos que unha gran parte do profesorado do centro necesitaría formarse para utilizar estratexias de animación á lectura co seu alumnado, especialmente aqueles que non imparten materias do ámbito lingüístico. Constatamos a necesidade de formarnos en competencia dixital e deseño de actividades con ferramentas informáticas.

O IES As Telleiras desde hai varios anos desenvolve un Plan de Formación do Profesorado en centros para continuar mellorando o uso das TIC na aula, así como o PLC. Nos cursos anteriores, dentro deste Plan, creáronse as bibliotecas de aula en todos os grupos da ESO para o cal se formou un grupo de traballo que se encargou de seleccionar e organizar os fondos e preparou actividades para fomentar o seu uso;

na actualidade un grupo de profesores/as encárganse do mantemento e actualización das mesmas.

3. OBXECTIVOS

A elaboración do noso Proxecto lector é o resultado da participación e do consenso de toda a Comunidade Educativa. Queremos que sexa real, aplicable (e aplicado), aberto ás modificacións e melloras que xurdan polo camiño.

Partimos do que xa temos feito en tódolos ámbitos para o fomento da lecto-escritura ao que engadiremos ou fusionaremos outras actividades có fin de alcanzar os obxectivos fixados.

- Crear e/ou fomentar hábitos de lectura e escritura. Crear no alumnado unha “necesidade” da lectura tanto no plano académico como por pracer persoal.
- Crear e/ou fomentar hábitos de estudo e traballo. Promover a lectura como vía de acceso á información.
- Conseguir que trala escolaridade o alumno teña adquirido o gusto pola lectura, o hábito de ler e estratexias de busca de información. Fomentar o interese pola cultura en xeral.
- Fomentar a aprendizaxe autónoma. Potenciar o sentido crítico e selectivo en canto ás lecturas.
- Incluír e sensibilizar ás familias como parte indispensable no proceso da creación e fomento da lecto-escritura.
- Incluír outras institucións como a Biblioteca municipal no proceso.
- En resumo, axudar a que o alumnado adquira as competencias claves (competencia en comunicación lingüística, competencia dixital, competencia social e cívica, aprender a aprender, sentido de iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais).

4. COMPROMISOS XERAIS

- As programacións docentes incluírán a lectura como elemento transversal clave para o desenvolvemento das materias.
- Introducir nos puntos da orde do día da CCP aspectos relacionados co Proxecto lector cando sexa necesario.
- A CCP será informada das decisións tomadas relativas ao PLC e transmitirá as informacións aos membros dos departamentos.
- O Equipo Directivo impulsará a elaboración do PLC facilitando recursos humanos e materiais.
- O/A coordinador/a do PLC será, preferiblemente, o coordinador/a da Biblioteca escolar.
- O profesorado respectará a hora de ler tal como está establecida no centro (apartado 7.2.).
- Potenciarase a sistematización das actividades a prol da mellora da competencia lingüística como base da aprendizaxe. A adquisición destas competencias claves non dependen exclusivamente da área de Lingua ; todas as áreas estarán implicadas.
- Fomentar a lectura no ámbito familiar.
- Utilizar os recursos da Biblioteca escolar e contribuír á actualización dos seus recursos.

5. METODOLOXÍA

5.1. Para desenvolver a competencia lectora e de escritura

- Incidir na lectura previa dos enunciados de actividades, exames, exercicios para resolver dúbidas de comprensión.
- Lecturas en voz alta nas clases, especialmente co alumnado que máis dificultades teñan.
- Coidar a redacción de todo o que presentemos ao alumnado.

- Corrixir aos alumnos cando usen expresións de carácter coloquial nas súas respostas, redaccións, traballos...
- Intentar diversificar o material didáctico (formularios, noticias, gráficos, mapas, partituras...) - Incorporar as TICs no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar o uso dunha caligrafía coidada e unhas pautas de presentación tendo en conta cuestións coma a orde e a limpeza.
- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora como:
 - Dedución de termos descoñecidos a partir do sentido xeral do texto.
 - Selección de ideas principais. Formular a idea principal tras a lectura dun texto ou resolución dun problema.
 - Realización de esquemas.
 - Elaboración de glosarios
 - Incidir na necesidade da creación dun borrador ou esquema previos coas ideas que se van a desenvolver posteriormente na redacción.

5.2. Para desenvolver o hábito de lectura

- Hora de Ler
- Clubs de Lectura

5.3. Para desenvolver a competencia informacional

Desde a Biblioteca, a principio de curso realizamos a formación de usuarios entre os alumnos de 1º de ESO e de 1º de Bacharelato.

Ao longo do curso, tratarase de formar ao alumnado nos diferentes recursos dixitais e desde a biblioteca, no uso do seu propio catálogo.

6. A BIBLIOTECA E O PROXECTO ESCOLAR

A biblioteca apoiará as actividades do proxecto lector e de dinamización cultural impulsadas e realizadas polos distintos departamentos didácticos. A Biblioteca porá a disposición da comunidade educativa tanto os seus fondos en soportes variados, o

seu espazo e a súa colaboración persoal para que a realización das actividades dos departamentos se leven a cabo de xeito eficaz e programado. Asemade, planificará os recursos tendo en conta as prioridades do Proxecto.

Pero alén de axudar, coordinar ou apoiar as actividades das diferentes áreas a Biblioteca tamén levará a cabo accións para poder acadar os obxectivos do proxecto. Algunhas desas actividades xa se están a levar a cabo a través do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e outras son de nova creación.

7. ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA

- Pasar unha enquisa sobre hábitos e gustos lectores aos alumnos. Análise de resultados.
- Aumento de fondos en distintos soportes.
- Actividades de formación de usuarios e educación documental. Animación á lectura.
- Información periódica sobre novos rexistros en diferentes formatos e en distintos espazos.
- Potenciar o préstamo a pais e nais.
- Continuación dos clubs de lectura que están formados no centro.
- Continuar coa “Hora de ler”.
- Potenciar as “Bibliotecas de aula”
- Conmemoración das festividades relacionadas coa lectura, a escritura e a cultura en xeral.
- Posibilidade de realizar visitas a outras bibliotecas.

A continuación detállanse algunhas das actividades:

7.1. Bibliotecas de aula

No curso 2014-15 formouse un grupo de traballo co obxectivo principal de crear as bibliotecas de aula e fomentar o seu uso, sobre todo durante a Hora de ler. As actividades realizadas por este grupo foron:

- Selección de fondos para a creación de bibliotecas en todos as aulas de 1º e 2º de ESO.
- Redacción das normas de uso e elaboración do material necesario para poñelas en prácticas (libro de rexistros, libro de préstamos entre aulas,...).
- Realización de actividades de promoción do seu uso: concursos, fichas de lectura,...

No curso seguinte (2015-16) continuouse o traballo para completar as bibliotecas en todos os grupos de ESO (3º e 4º).

A partir de aí un grupo de profesores e profesoras encárgase de preparar o material para iniciar o curso, así como do coidado, conservación e ampliación dos fondos bibliográficos de cada aula.

En todas as aulas da ESO atópase o seguinte documento onde se recollen as normas de uso das bibliotecas:

Normas de uso biblioteca de aula

- 1.- Os libros serán tratados co máximo respecto e coidado, de xeito que ao final de curso se conserven no mesmo estado no que se atoparon.
- 2.- Se se atopara un libro en mal estado, deberá comunicarse o antes posible ao bibliotecario/a de aula, quen comunicará a incidencia, ou ben ao responsable da biblioteca.
- 3.- Manterase a biblioteca de aula ordenada, cos libros ben colocados.
- 4.- Os fondos da biblioteca de aula son para o seu uso na "hora de ler". Non se poderán levar para a casa.
- 5.- Haberá un bibliotecario/a de aula que contará con axudantes. Preferiblemente estes cargos serán voluntarios; de non haber candidatos/as, nomearanse e iranse rotando cada mes.
- 6.- Anotarase no libro de rexistros -nas primeiras follas- o nome do/a responsable da biblioteca de cada mes.

7.- O/a bibliotecario/a de aula encargarase de velar polo bo uso da biblioteca de aula e comunicará calquera incidencia ao titor/a ou ao responsable da biblioteca.

8.- **Doazóns:** calquera alumno/a pode doar libros que teña na casa e non queira conservar. Neste caso, unha vez feita a doazón, cede todos os dereitos do mesmo ao centro. Para realizar a doazón dirixirse ao profesor/a de Lingua Castelá ou Galega ou ao bibliotecario do centro que se encargará de catalogar o novo título.

9.- Na biblioteca do centro estará dispoñible un buzón con fichas para que o alumnado poida presentar SQR (suxestións, queixas e reclamacións) ou expresar a súa opinión sobre as bibliotecas de aula.

10.- Cando se colla un libro para ler, anotarase no rexistro de lecturas.


11.- En 1º e 2º de ESO, unha vez rematada a lectura dun libro completo, débese cubrir unha ficha cos datos que se indican nela.

12.- En 3º e 4º de ESO pódese recomendar a obra lida ao resto da clase cubrindo a ficha "Eu recomendo" e colocándoa no taboleiro da aula.

13.- Se, despois de coller un libro e ler varias páxinas, este non gusta, pódese cambiar por outro; pero non se cubrirá ficha do libro rexeitado.

7.2. Hora de ler

Esta é unha actividade que se leva realizando no centro en todos os grupos de ESO desde hai bastantes anos con resultados moi satisfactorios, sobre todo desde que se dispón de bibliotecas de aula.



No seguinte documento que está en todas as aulas explícase en que consiste:

Normas da "hora de ler"

1.- Esta actividade pretende despertar o interese pola lectura na nosa comunidade educativa con vinte minutos de lectura pracenteira cada día nos que cada un poderá ler o libro que máis lle interese.

A hora será rotatoria por semanas. A primeira semana será na primeira sesión de cada día, na segunda semana na segunda sesión, e así sucesivamente ata chegar á sexta semana que volveremos a empezar coa primeira sesión do día.

2.- A lectura nestes períodos é obrigatoria para todo o alumnado de ESO, salvo nas horas que coincidan con exames. O profesorado colaborará coas tarefas relacionadas con esta actividade (dará exemplo coa súa lectura), e velará para que sexa posible o seu correcto funcionamento. Calquera incidencia que se produza anotarse na "Folla de incidencias" (caixón mesa profesor).

3.- A lectura será individual e silenciosa- excepcionalmente poderá ser en voz alta e dirixida-, sobre obras elixidas libremente polo alumnado segundo os seus gustos. O profesorado podería recomendar algunha obra que considere de interese, pero será o alumno/a quen tome a decisión final.

4.- O alumnado poderá optar pola lectura de obras da biblioteca de aula, de obras da biblioteca do centro ou doutras que traia da casa, sempre que non sexan as lecturas obrigatorias dalgunha materia.

5.- No caso de que sexan lecturas propias deberán ser apropiadas ao lugar en que se efectúa a lectura -un centro educativo. Se o/a profesor/a que estivera nese momento na aula considerase que isto non é así, solicitaría un cambio de lectura.

6.- Na "Hora de ler" pódese optar pola lectura do xornal do día e/ou revistas de contido educativo e cultural.

7.- Pódese ler a través de dispositivos electrónicos creados para este fin. Neste caso haberá que ter en conta o seguinte:

- O/A alumno/a é o/a único/a responsable do dispositivo. O centro non se responsabilizará do deterioro ou do roubo do mesmo.

- Se o/a alumno/a o utiliza con outros fins, retiráraselle e proseguirá a lectura en formato papel.

8.- En todas as aulas haberá un libro de rexistros máis Fichas de lectura (1º/2º ESO) e de "Eu recomendo" (3º e 4º ESO).

Os horarios da *Hora de ler* estarán expostos nos taboleiros das aulas. Podería ser suspendida esta actividade por mal comportamento xeneralizado.

7.3. Clubs de lectura

No centro desenvólvese o Club de Lectura *Leixaprén*, dentro do cal inclúense pequenos clubs de lectura sobre obras de temática científica ou sobre obras narrativas de temas diversos. Van dirixidos aos diferentes niveis educativos que hai no centro, fundamentalmente da ESO.

Na memoria anual apórtanse detalles máis concretos.



7.4. Actividades de formación de usuarios e formación documental

Realizaranse no seguintes niveis:

- 1º ESO: actividade para todos os grupos “Coñece a nosa biblio”
- 1º de BAC: só para o alumnado de nova incorporación: “Benvida e informacións básicas”

7.5. Préstamos a pais e nais

O préstamo ás familias estarán rexidas polas mesmas normas que o préstamo ao alumnado. Figurará o nome do/a alumno/a e o do pai/nai/titor(a) legal.

O máximo de exemplares prestados será tres por familia.

O prazo de devolución será igualmente de quince días e poderá renovarse por outros sete días máis.

Para dar a coñecer novidades literarias ou lecturas de interese para pais e nais habilitouse un pequeno espazo cunha librería de fácil visibilidade cando veñen a facer calquera trámite ao centro.



7.6. Concursos literarios

Realizaranse en colaboración con outros departamentos: dinamización lingüística, Lingua Castelá, Lingua Galega,...

7.7. Visitas a outras bibliotecas

Para desenvolver esta actividade é preciso presentar a solicitude correspondente polo que a súa realización depende da aceptación da mesma.

7.8. Conmemoración de datas especiais

Algunhas das máis importantes son:

- Semana do Samaín (Outubro/ novembro)
- Novembro, Mes da Ciencia
- Nadal
- Celebración do Día da Paz e a Non Violencia (Xaneiro)

- Día dos Namorados (Febreiro)
- Celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller (Marzo)
- 23 de abril, Día Internacional do Libro.
- 16 de maio, Día das Letras Galegas 2018.
- ...



7.9. A ciencia sae das aulas

Queremos sensibilizar sobre a importancia da lectura de textos de carácter científico, de textos divulgativos ou de textos literarios que tratan temas relacionados coa ciencia. Todos estes contidos teñen cabida na biblioteca e enriquecen a bagaxe lectora do alumnado. De feito levamos anos enriquecendo a biblioteca do centro con material que divulga a Ciencia.

Con esta mesma función creouse o club de lectura “Leixaprén”, centrado en lecturas relacionadas coas ciencias.

8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Propoñemos os seguintes criterios e procedementos de avaliación para os que especificamos os indicadores de logro:

- Enquisa sobre os hábitos lectores do alumnado: realízase durante o 1º mes de curso a todos os usuarios da biblioteca durante este período. Consideramos satisfactorio que un mínimo de 30% de alumnado do centro a cubra e a deposite no lugar indicado.
- Cuestionario realizado durante a visita guiada ao alumnado de 1º de ESO sobre aspectos de funcionamento da biblioteca que se explicaron nela. Indicador de logro: o 75% de alumnos/as responde correctamente a enquisa (admítense un ou dous erros).
- Participación nos clubs de lectura: desde o grupo da biblioteca téntase fomentar a participación do alumnado neste tipo de actividade; pero somos conscientes do sacrificio que supón xa que ten que renunciar aos tempos de lecer; por esta razón consideramos como positivo que haxa un mínimo de 15 alumnos/as cada curso.
- Estatística de préstamos: consideramos aceptable un mínimo de 500 préstamos anuais.
- Adquisición de novidades. O criterio de aceptación para este apartado é un mínimo de cinco obras novas por curso.
- Bibliotecas de aula. Valorarase a satisfacción dos usuarios mediante a análise das suxestións, queixas, opinións,... que se reciban sobre las no buzón da biblioteca.